



NOTA DE PRENSA DO 25.09.10.

TRALA MEDIACIÓN DO VALEDOR DO POBO, A APDR PRESENTA AO CONCELLO DE PONTEVEDRA UN MAPA DAS ANTENAS DE TELEFONÍA MÓBIL DO MUNICIPIO E SEGUE A DEMANDAR O COÑECEMENTO PÚBLICO DA SITUACIÓN LEGAL DE CADA UNHA DE ELAS, XA SOLICITADO (SEN RESPOSTA) DENDE O 2007.

Xa en setembro de 2007 a APDR solicitou ao Concello de Pontevedra (sen contestación alguha ata actualidade) “Información detallada sobre as antenas base de telefonía móbil instaladas e en funcionamento na actualidade na nosa cidade” requirindo sobre cales “contan coa prescritíbel *Licenza Municipal*, necesaria para poder realizar a súa actividade”.

Coñecendo verbalmente das súas ilegalidades, dende a APDR solicitámos un ano despois (o 28/09/2008) a intervención do **Valedor do Pobo** para conseguir dita información pública requerida ao Concello.

Froito desta mediación do Valedor do Pobo foi a resposta dende a **Área de Disciplina e Policía Administrativa do Concello** no mes de agosto deste ano, de prestarse a facilitar a requirida información se lle presentabamos os datos gráficos de identificación das antenas do municipio que por outra banda formaban parte da nosa petición.

A APDR ven de presentar ao Concello de Pontevedra planos e datos de localización de máis de 110 antenas base de telefonía móbil implantadas no municipio, segundo os datos públicos da páxina web do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

Dende a APDR demandamos o coñecemento público do estado legal das mesmas, necesario para iniciar un proceso participativo de elaboración dunha ordenanza municipal garantista de antenas de telefonía móbil que regule o seu despregamento (caótico e ilegal) atendendo:

- **Á PROTECCIÓN DAS ZONAS HABITADAS**, aumentando os límites de seguridade estatais en base ao **principio de cautela**, xa defendido en amplo consenso dende institucións europeas como a [Axencia Europea de Medio Ambiente](#) e as [Resolucións do Parlamento Europeo](#) de [2008](#) e [2009](#), e recoñecido como potestade municipal en recentes sentenzas do Tribunal Supremo no 2010, aplicándose en distintos grados nalgunhas comunidades autónomas e concellos.
- **A PARTICIPACIÓN CIDADÁ**, nos procesos de implantación e inspección das antenas.
- **O CONTROL MUNICIPAL DAS EMISIÓNS**, con medicións en tempo real e información pública das mesmas.